

Programa de Incentivos ás empresas cualificadas coma Iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBTs)

*Orde do 30 de xuño de 2021
DOG Núm. 137 do 20 de xullo de 2021*

Entidades beneficiarias

- Empresas **cualificadas coma lebt** que se constitúan e inicien a súa actividade (alta IAE) **nun prazo non superior a un ano** dende a cualificación. (Constituídas e dadas de alta no IAE).
- A maioría da **titularidade** da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado.
- Que creen **emprego estable** para persoas desempregadas:
 - Persoas **previamente inscritas SPE** e carezan de ocupación.
 - *Contrato indefinido ou promotores autónomos.*

Gastos subvencionables

- As accións e gastos relativos á subvención, serán os comprendidos entre o **1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.**
- **Gastos efectivamente pagados.** Débense aportar as respectivas facturas pagadas contra a **conta bancaria da empresa.** Non se aceptan pagos en efectivo.
- Aportar **contabilidade separada** da subvención. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada ou cun código contable axeitado. *Agás, as entidades exentas da obriga de levar unha contabilidade (Empresario individual en estimación directa simplificada o en réxime de estimación obxectiva).*
-
- Presentarase o **extracto do balance provisional** contable asinado e selado que permita verificar a contabilidade separada.

Importante

A concesión das axudas realizarase **por orde de chegada** ata **esgotamento do crédito orzamentario** (500.000 euros).

Computarase coma **data de chegada** a da presentación da **documentación completa** ou a **data da enmenda o subsanación da documentación**, de ser o caso.

Tipos de axuda

- » a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.
- c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

Creación directa de emprego estable: Contías(art. 37)

Contía xeral	6.000€
<i>Desempregados de longa duración</i>	8.000€ <i>(non acumulables)</i>
<i>Persoas con discapacidade</i>	
<i>Persoas en risco de exclusión social</i>	
Titulados/as universitarios	9.000€
Doutor/a	10.000€
<i>Mulleres</i>	25% adicional <i>(acumulables entre sí)</i>
<i>Concello rural</i>	
<i>Maiores de 45 anos</i>	
<i>Emigrante retornado/a</i>	
<i>Persoa trans</i>	

*

*

Creación directa de emprego estable

-**Mínimo 25% persoas tituladas universitarias** incluído o socio autónomo, *no mes que se proceda á primeira contratación* por conta allea.

-Postos de traballo **indefinidos** creados para persoas ***desempregadas inscritas no SPE. Non contratos temporais.***

-**Proporcional ao tempo efectivo de traballo:** Pódese *transformar o contrato de tempo parcial a tempo completo* e solicitar a diferenza dentro do primeiro ano de actividade.

-Deberá existir **correspondencia entre a categoría** da titulación académica da persoa contratada e a categoría profesional.

-**Compatible coas bonificacións á Seguridade Social** **sen superar o 70%** do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato obxecto da subvención, **ampliable ata o 80 %** cando pertenza a un dos **colectivos:**

-Persoas desempregadas de longa duración,

-Persoas desempregadas con discapacidade,

-Persoas desempregadas que estean en situación ou risco de exclusión.

Contratación de persoal técnico de alta cualificación (art.38)

- **Contratacións temporais** cun límite máximo **18.000 euros**.
- Contía equivalente ao **40%** dos custos salariais totais, incluídas as cotizacións, cun máximo de **12 mensualidades**.
- Experto obrigatoriamente **universitario**.
- **Importante:** *Xustificar que debe suplir carencias ben identificadas para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela, para o que será necesario facer unha memoria descriptiva(Anexo IA)*

**Excluídas as contratacións cos propios socios e parentes salvo fillos/as menores de 30 anos (convivintes ou non co promotor), ou un familiar menor de 45 anos que non conviva co promotor nin estea ao seu cargo.*

Axuda de inicio e posta en marcha da actividade

-Gastos subvencionables serán realizados entre o **1 de outubro de 2020 e 30 de setembro de 2021** xerados **antes de que transcorra un ano dende o inicio da súa actividade.**

-Efectivamente xustificados mediante **factura e documentos bancarios** acreditativos do seu pago, con *anterioridade a finalización do período de xustificación* establecido na resolución de concesión.

-Sempre que as facturas:

1. Estean estendidas a **nome da entidade solicitante,**
2. Contra a **conta bancaria da empresa,**
3. Que **non** sexan **emitidas** por algunha das persoas **promotoras** da empresa.
4. **Non** se admiten gastos en **efectivo nin** relativos aos **domicilios particulares** dos promotores.
5. **Non** inclue o **IVE e impostos indirectos** recuperables.

Axuda de inicio e posta en marcha da actividade(art. 39)

- O importe máximo fixarase **en función dos postos de traballo estables** creados de desempregados durante o primeiro ano de actividade:

Postos de traballo	Importe máximo
1	Ata 10.000€
2	Ata 18.000€
A partir de 3	Ata 24.000€

A axuda **non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables.**

Axuda de inicio e posta en marcha da actividade

Gastos subvencionables:

- Honorarios de notaría e rexistrador.
- Compra de mercadorías e materias primas.
- Arrendamento do local, maquinaria e equipos informáticos.
- Gastos do seguro do local.
- Gastos de publicidade.
- Páxina web.
- Posicionamento web.
- Subministracións.
- Cursos** que a persoa promotora poida recibir para obter ou mellorar os seus ***coñecementos sobre a función xerencial.***

Documentación Común



- As **solicitudes**, unha para cada axuda solicitada, deben presentarse no **formulario normalizado(Anexo IA) asinado**.
- **DNI ou poder** da persoa **representante** e asinante da solicitude para actuar en nome da empresa.
- **NIF da empresa**.
- No caso de persoa xurídica, **escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil/Rexistro de Cooperativas**.
- **Memoria económica e descritiva** do proxecto empresarial asinada polo representante da empresa. **(Anexo V-A)**.
- Alta no **censo de obrigados tributarios** de Facenda.

Documentación Específica

Só dos gastos a ter en conta para o cálculo da subvención



Creación directa de emprego estable

- **Declaración do número de empregos estables creados.**
- Indicando se son **titulados universitarios.**
- Expresando a **data de incorporación** efectiva á empresa (anexo II-A).
- **Declaración da empresa cos custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora**(anexo II-A).
- **Comprobación de datos das persoas contratadas (anexo VI-A).** Se o solicitante **non se opon expresamente** á que a Xunta consulte os datos **hai documentación dos traballadores que non se ten que aportar:** *DNI, título universitario, inscrición no SEPE, informe de vida laboral, contrato de traballo subvencionado, certificado de discapacidade ou dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e certificado de empadronamento).*

Creación directa de emprego estable

- **Documentación acreditativa** da *exclusión social*, ***discapacidade ou dependencia*** **recoñecida fóra de Galicia** da persoa traballadora contratada.
- **Documentos xustificativos do nacemento en Galicia** da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de persoa *emigrante retornada*.
- **Certificado de persoa emigrante retornada.**
- No caso de que as persoas polas que se solicita a subvención teñan a **condición de *trans***, documentación xustificativa do Rexistro Civil.

Inicio e posta en marcha da actividade

- Memoria descritiva** da actividade e **relación detallada dos gastos** , con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención.
- Listaxe asinada** dos **gastos e pagamentos realizados**, o importe de cada un, a suma total, a referencia e a **descrición das facturas xustificativas** do gasto realizado e da axuda solicitada (anexo IV-A).
- Facturas co xustificante bancario** de pagamento ou as **facturas pro forma ou orzamentos dos gastos** que se vaian ter en conta para o **cálculo da contía** da subvención.
- Declaración do número de postos de traballo estables creados e relación nominal** das persoas que os ocupen, con indicación daqueles que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo II-A).

Persoal técnico de alta cualificación

-Memoria descriptiva da necesidade da contratación das persoas técnicas de alta cualificación, número, perfís profesionais e funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais polas que son contratadas.

-Declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo II-A).

-Comprobación de datos das persoas traballadoras contratadas (anexo VI-A) en virtude de contratos temporais.

Presentación da solicitude



Presentación da solicitude e documentación

Presentación obrigatoriamente telemática en:

<https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica poderá empregarse:

- Certificado dixital Ceres (FNMT),*
- DNI electrónico ou,*
- A Chave365.*

-Se algunha das persoas interesadas **presenta a súa solicitude presencialmente**, será requirida para a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, *considerarase como **data de presentación** da solicitude **a data da emenda**.*

-Documentación a presentar: deberá ser **copia dixitalizada** do documento orixinal (a administración pode requirer a exhibición do documento orixinal).

-Todos os trámites administrativos tras a presentación da solicitude tamén electronicamente na “**Carpeta cidadá**” na sede electrónica.

-Sempre que se realice a **presentación** de documentos **separadamente** da solicitude, deberase indicar:

- 1.Código e o órgano responsable do procedemento,*
- 2.Número de rexistro de entrada da solicitude,*
- 3.Número de expediente, se se dispón del.*

Facturas xustificativas: notas importantes

- Aqueles gastos ***debidamente acreditados*** que sexan ***imprescindibles*** para o desenvolvemento da actividade.
- As **facturas** non poden ser emitidas polos promotores e deben **estar expedidas ao nome da empresa e pagadas contra a conta da mesma.**
- Excluídos** os impostos e inversións relativos aos ***domicilios particulares*** dos promotores.

Obrigas dos beneficiarios

*(Art 47 orde de incentivos e art 11 Ley 9-2007 de
“Subvencións de Galicia”)*



-Executar o proxecto, xustificando a actividade e o cumprimento da finalidade pola que foi concedida a subvención.

- **Manter a actividade** un **mínimo de 2 anos** salvo por *cesamento por causas alleas á sua vontade*.

-Dispor dos **libros contables, rexistros dilixenciados e auditados** segundo a lexislación mercantil e sectorial.

-**Os gastos** deberán poder **identificarse de forma separada** (entidades obrigadas pola lei) ou un *código contable axeitado*.

-**Conservar os documentos** xustificativos (10 -15 anos) incluídos os electrónicos de cara ás **actividades de avaliación, seguimento** das actividades realizadas xunto coa **comprobación e control financeiro** das administracións competentes.

-Reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 33 da ley 9-2007 de subvencións de Galicia.

-Comunicar **calquera modificación das condicións** *tidas en conta para a concesión* da subvención, tan pronto como se coñeza e con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

-Comunicar a **obtención concorrente de axudas** que financien a actividade subvencionada tan pronto como se coñeza ou con anterioridade á xustificación.

-Estar **ao día das súas obrigas** tributarias e da Seguridade Social.



Compromiso do mantemento do emprego

No caso de **cesamento** dalgunha persoa traballadora ou persoa técnica de alta cualificación ***nos dous anos dende á súa incorporación***, a empresa deberá cubrir a vacante no prazo de **2 meses**:

- 1. Cunha dedicación igual ou superior.*
- 2. Dentro dos colectivos polos que se concedeu a subvención.*
- 3. Que implique un importe igual ou superior ao concedido.*
- 4. A nova incorporación non dará lugar a unha nova axuda.*

-Transcorridos ***2 anos da data de inicio, nos 3 meses seguintes***, obrigadas a presentar a **vida laboral da empresa** dende o inicio da **actividade** xunto coas **nóminas subvencionadas das 24 mensualidades** ,agás causa alleas a vontade do beneficiario ***debidamente acreditadas.***

Compromiso do mantemento do emprego

Persoas técnicas de alta cualificación:

1. En **dous meses dende a finalización** presentar unha ***memoria das actividades realizadas*** asinada pola persoa contratada e o responsable da empresa.
2. Neste suposto de substitución a **obriga de mantemento** estenderase ao **período subvencionado e mais ao período vacante.**

Obriga de comunicación dotras axudas

□ Subvención incompatibles:

- Reintegro **10%**: Non comunicación da **solicitud**
- Reintegro **100% + xuros de demora**: Non comunicación da **obtención** de outras axudas.

□ Subvención compatibles:

- Reintegro **5%**: Non comunicación da **solicitud**
- Reintegro **exceso percibido + xuros de demora**: Non comunicación da **obtención** de outras axudas.

Réxime de mínimos: Axuda total no superior a 200.000 durante 2 exercicios fiscais anteriores ao exercicio fiscal actual da empresa solicitante.

O importe das subvención ou axudas. **Máximo 80% do custo da actividade** (illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da UE ou de organismos internacionais).

OBRIGAS adicionais na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia

- Obrigas xerais(art 11).
- Xustificación das subvencións(art 28).
- Gastos subvencionables(art 29).
- Comprobación das subvencións(art 30)
- Procedemento de aprobación e pagamento do gasto(art 31).
- Reintegro dos fondos percibidos(art 33)

Prazos



- ▣ Os gastos relativos á subvención serán os comprendidos entre **1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021 (prazo xeral)** e deben ser obxecto de xustificación única e conxunta. Si un documento é xustificativo de dous conceptos, só e necesaria unha copia.
- ▣ ***Os gastos posteriores ao 30 de setembro*** entrarán na seguinte orde de xustificación se, nesa data, ***non pasara un ano dende a alta no IAE da empresa.***

Prazo excepcional

- Para a axuda para ***inicio e posta en marcha*** da actividade, establececese un prazo excepcional que é o ***20 de decembro de 2021*** (exemplo pagos a 90 días).
- Convén non utilizalo porque a Xunta queda sen
- presuposto no mes de outubro e cando remata xa non se paga.

FUNDACIÓN

UNIVERSIDADE DE VIGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE